

## A Concellaría de Cultura do Concello de Arteixo lémbrales que:

Unha vez comezada a función pode restrinxirse o acceso á sala, polo que se prega a máxima puntualidade.

Non se permite o consumo de alimentos e bebidas no interior da sala.

Os carros, paraugas, triciclos, etc. deberán permanecer fóra da sala.

As alarmas e os teléfonos móbiles deben desconectarse antes de entrar na sala.

Para realizar gravacións e tomar fotografías deberán obter permiso previo da organización.

Cada espectáculo está pensado para unhas idades preferentes que recomendan as propias compañías polo que en espectáculos infantís ou para todos os públicos os menores de 12 anos sempre estarán acompañados por un adulto, que aborará a entrada correspondente, se é o caso, independentemente de se ocupa butaca ou non. Só se autorizará a entrada de bebés nos espectáculos especificamente programados para eles.

En espectáculos para adultos só se permitirá a entrada a menores se están acompañados por adultos, responsables dos seus comportamentos e dos posibles contidos inapropiados que poidan estar vendo, polo que a Concellaría de Cultura declina neles toda a responsabilidade sobre estes temas.

Esta programación poderá sufrir variacións se as circunstancias o aconsellan. **Os espectáculos de interior estarán suxeitos á recollida de invitación.** Non poderá acceder ao recinto ninguén sen invitación para poder computar o aforamento efectivo por razóns de seguridade. O aforamento é único e compútase por persoas e non por butacas ocupadas.

## DISTRIBUCIÓN DE INVITACIÓNS:

Online ou 1 h antes da función na Capela até completar a capacidade da sala (**60 localidades**). O nº de invitacións limitarase a 2 por persoa.



### +Info:

SM de Cultura  
Centro Cívico Cultural de Arteixo  
Manuel Murguía  
Paseo fluvial, s/n  
15142, Arteixo

981 659 100 | cultura@arteixo.org  
www.arteixo.org



**E, ademais, en setembro, visita guiada ao Teatro Rosalía Castro (A Coruña). Apuntamentos (+18 anos) no CCC de Arteixo Manuel Murguía.**

Organiza

## Arteixo / Cultura

Colaboran




**Martes 13 de agosto | 22:30 h**  
**Praza da Igrexa de Pastoriza**  
**Unicorn wars**  
Animación | Non recomendada para menores de 16 anos  
92 minutos

O exercito osiño adoutrina a xoves recrutas para a guerra que libran contra os unicornios e ameaza a seguridade do pobo osiño. Os irmáns Azulín e Gordi, xunto a un inexperto grupo de recrutas, serán enviados a unha perigosa misión para salvar o Bosque Máxico. Estarán os osiños preparados para iso?

**Dirección:** Alberto Vázquez.

**Premio Goya á mellor película de animación.**



**Venres 16 de agosto | 22:30 h**  
**Praza do Balneario (no caso de choiva, Capela)**  
**O Corvo**  
Drama | Non recomendada para menores de 16 anos  
99 minutos

María é unha muller que se gaña a vida recollendo marisco. Tamén é coñecida por axudar a outras mulleres no parto con especial dedicación e coidado. Tras un suceso inesperado, vese obrigada a fuxir e emprende unha perigosa viaxe que lle fará loitar pola súa supervivencia.

**Dirección:** Jaione Camborda.  
**Reperto:** Janet Novás, Siobhan Fernandes, Carla Rivas, María Lado, Julia Gómez, José Navarro, Nuria Lestegás, Darío Fernández Raposo, Diego Anido e Filomena Gigante.

**Premios: Concha de ouro á mellor película no Festival de San Sebastián e Goya á mellor actriz revelación.**



**Venres 23 de agosto | 22:30 h**  
**Praza do Balneario (no caso de choiva, Capela)**  
**El método Williams**  
Drama | Non recomendada para menores de 12 anos  
144 minutos

Biopic sobre Richard Williams, un pai inasequible que axudou a formar a dúas das deportistas máis extraordinarias de todos os tempos, dúas atletas que acabarian marcando época no deporte do tenis. Richard tiña unha visión moi clara do futuro das súas fillas.

**Dirección:** Reinaldo Marcus Green.  
**Reperto:** Will Smith, Aunjanae Ellis, Jon Bernthal, Saniyya Sidney, Demi Singleton, Tony Goldwyn, Andy Bean, Kevin Dunn, Craig Tate, Dylan McDermott, Katrina Begin, Andy Hoff, Jimmy Walker Jr.

**Premios: Óscar e Globo de Ouro ao mellor actor.**




**Venres 30 de agosto | 22:30 h**  
**Praza do Balneario (no caso de choiva, Capela)**  
**Matría**  
Drama | Non recomendada para menores de 12 anos  
99 minutos

Ramona, unha muller de 40 anos, vive sumida nun contexto laboral e persoal tenso e precario nun pobo da costa galega. Fai malabarismos con múltiples traballos para manterse á boia e proporcionar un futuro mellor á súa filla Estrela. Pero cando Estrela está preparada para tomar o seu propio camiño, Ramona dáse conta de que, por primeira vez, pode facer algo por si mesma.

**Dirección:** Álvaro Gago Díaz.  
**Reperto:** María Vázquez, Santi Prego, Soraya Luaces.

**Premio á mellor actriz no Festival de Málaga.**



**Sábado 31 de agosto | 20:30 h**  
**Capela do Balneario**  
Presentación da serie **Poscoito de Héctor Rodríguez**  
Drama  
Para maiores de 16 anos  
134 minutos | Con invitación

Presentación e proxección de 3 episodios da serie, un coloquio co director e outro membro do equipo, sorteo de merchandising da serie e regalos proporcionados por empresas colaboradoras.

**Venres 13 de setembro | 18:30 h**  
**Capela do Balneario**  
**Os ourizos de Barafunda**  
Público infantil  
50 minutos | Con invitación

**Dirección:** Héctor Rodríguez.  
**Reperto:** Lidia Veiga, Isabel Garrido, Melania Cruz, Tito Asorey, Sergio Abelaira e Martina Bravo.

## Os Monicreques



**Venres 6 de setembro | 18:30 h**  
**Capela do Balneario**  
**Xela contra o dragón Traga-verbos de Titeres Cachirulo**  
Público infantil (+ 4 anos)  
50 minutos | Con invitación

Espectáculo de aventuras que trata a importancia do uso cotiá da lingua galega e da conservación da nosa identidade.

**Autor e dirección:** Jorge Rey.  
**Elenco artístico:** Carmen Domech e Jorge Rey.

**Venres 13 de setembro | 18:30 h**  
**Capela do Balneario**  
**Os ourizos de Barafunda**  
Público infantil  
50 minutos | Con invitación

Obra de teatro musical de monicreques que trata temas de inclusión, integración, amizade e compañeirismo, todo isto envolto en referencias á cultura galega, aos seus paisaxes e ao ecoloxismo. A música, composta



especialmente para o espectáculo, inclúe temas de rock, pop e rap, achegando así á rapazada diferentes xéneros musicais. Unha historia que fala de como a amizade pode axudar a superar os obstáculos da vida.

**Dirección:** Manuel Castro Lima.  
**Elenco artístico:** Noemí Blanco e Yago Durán.

**Venres 20 de setembro | 18:30 h**  
**Capela do Balneario**  
**Os monicreques de sempre de Pekexogo**  
Público infantil (+5 anos)  
60 minutos | Con invitación

Percorrido polos distintos contos populares representados por diferentes monicreques. Finalizada a representación cada participante poderá elaborar o seu monicreque favorito para levar de recordo.

**\*Inclúe mini parque de inchables.**

## Exposicións



Sala de exposicións do CCC de Arteixo Manuel Murguía

**Do 1 ao 17 de xullo**  
**Juana de Vega, condesa de Espoz y Mina (1805-1872): Facer no século da Fundación Juana de Vega**

Esta mostra promovida en colaboración coa Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Xunta de Galicia) nace coa intención de por en valor a traxectoria de Juana de Vega con motivo do 150 aniversario do seu falecemento en 2022.


A través de 20 paneis informativos farase un repaso pola historia de Juana de Vega e os principais fitos da súa vida, remarcando os acontecementos máis relevantes

**Do 2 ao 30 de setembro**  
**Pinturas de Lola Vivero**



música | literatura | cinema  
exposicións | monicreques  
inchables | maxia

Arteixo / Cultura



**Venres 28 de xuño | 20:30 h**  
**Capela do Balneario**  
 Presentación do libro *O arrecendo das noites de vísperas* de **Pablo Mariño**  
 Todos os públicos  
 90 minutos | Con invitación

**Sábado 29 de xuño | 20:30 h**  
**Capela do Balneario**  
 Actuación musical de **Irma Macías e Luis Pinto**  
 Todos os públicos  
 50 minutos | Con invitación

**Venres 5 de xullo | 19:30 h**  
**Capela do Balneario**  
 Presentación do libro *Letras a capela do Obradoiro de Escrita Creativa*  
 Todos os públicos  
 60 minutos | Con invitación

**Venres 5 de xullo | 20:30 h**  
**Capela do Balneario**  
*Soul e Literatura, un paseo, entre liñas, pola música negra* de **Black**  
 Todos os públicos  
 60 minutos | Con invitación

**Venres 12 de xullo | 20:30 h**  
**Capela do Balneario**  
 Actuación musical de **Breo Trío**  
 Todos os públicos  
 50 minutos | Con invitación

**Venres 19 de xullo | 20:30 h**  
**Capela do Balneario**  
*Charla-concerto Popsía* de **Fran Amil**  
 Todos os públicos  
 50 minutos | Con invitación

**Xoves 25 de xullo | 18:00 h**  
**Patio-Xardín Centro Concilia Balneario**  
*Concerto da Banda Xuvenil da BMA e amigos*  
 Todos os públicos  
 60 minutos

**Venres 26 de xullo | 18:30 h**  
**Praza do Balneario**  
*O museo encantado* do **Mago Dani García**  
 Público infantil  
 3 h

**Sábado 27 de xullo | 20:30 h**  
**Praza do Balneario**  
 Actuación musical de **Lucía Pérez** coa **Banda de Música Santiago de Arteixo**  
 Todos os públicos  
 75 minutos

**Todos os luns de agosto**  
**10:00 h | 11:30 h**  
**Capela do Balneario**  
**Laboratorio de Cinema**  
*O gato de Don Corleone* de **Federico A. Rioboo**  
 Idades: 11-17 anos (Preferentemente)  
 Inscricións: do 3-28 de xuño  
 Prazas: 15  
 Observación: a realización do laboratorio está supeditada a un número mínimo de inscricións.

**Venres 2 de agosto | 22:30 h**  
**Praza do Balneario (no caso de choiva, Capela)**  
**Cuñados**  
 Comedia | Non recomendada para menores de 7 anos  
 95 minutos

**Venres 9 de agosto | 22:30 h**  
**Praza do Balneario (no caso de choiva, Capela)**  
**As Bestas**  
 Drama | Non recomendada para menores de 12 anos  
 137 minutos

Neste *“O arrecendo das noites de vísperas”*, Pablo amósanos tres partes importantes na súa evolución vital: persoas que transitaron ou transitan aínda polo seu camiño (Xentes da Eira), o inevitable e influente paso do tempo (O Tempo) e pequenas historias vividas ou inventadas nunha narrativa impulsiva e curta (Lerías sen Verso).

Irma e Luis forman un proxecto escénico no que apostan pola nosa música en galego, dende as cancións máis tradicionais e populares ata os temas máis actuais e contemporáneos, incluso con poemas musicalizados de grandes poetas e escritores da nosa terra. Con estas versións a súa pretensión é poñer en valor todo o noso patrimonio cultural e musical para que siga perdurando no tempo. Tamén interpretarán cancións populares doutras culturas que son un referente importante na historia da música.

O libro *“Letras a capela”* é o resultado do traballo colectivo de relatos curtos escritos entre os meses de abril e maio polo alumnado do Obradoiro de Escrita Creativa, impartido polo escritor **Diego Giráldez**, e publicado pola Concellaría de Cultura en colaboración coa Deputación da Coruña.

Ao seu remate ofrecerase o espectáculo musical de **Black**.

O dúo **Black** é un proxecto musical coruñés capitaneado por **Iria Mejuto** (voz) que reinterpreta grandes éxitos da música negra. BLACK ofrece unha visión sensible das últimas décadas da música negra agasallándonos cunha viaxe íntima polas melodías do Soul. Toda unha experiencia para a alma.

**Breo** trío, é un pequeno formato do novo grupo de folk que emana e bebe da tradición galega, mesturando a música tradicional e a cultura inmaterial de Galiza con novos sons, creando unha música contemporánea de raíz.

O seu primeiro sinxelo, publicado en febreiro de 2023, está baseado na musicalización do poema *“Nao Senlleira”*, de Fermín Bouza Brey, título do sinxelo. En xuño do mesmo ano, sae á luz o segundo sinxelo composto por Bieito Romero Diéguez, titulado *“Alumea-lo pan”* e en xaneiro de 2024 sacan o seu 3º SINGLE *“Canto Raibas”* coa colaboración de **Sabu l’Avisou**.

**Intérpretes:** Bieito Romero, Rubén Gómez e Migui Ocampo.

Versos inmorredoiros da lírica galega en clave de funk, rock, jazz, pop e fusión. *“Popsía”* supón un achegamento inédito que escolma poemas dende o medieval ata a actualidade, converténdose en cancións a ritmo de rap, rock, reguetón, pop e soul, entre a máis selecta gama de xéneros musicais contemporáneos.

**Organiza: Banda de Música Santiago de Arteixo.**



**Xoves 25 de xullo | 20:30 h**  
**Auditorio do CCC de Arteixo**  
**Manuel Murguía**  
**6º Festival de Habaneras de Arteixo**  
 Todos os públicos  
 60 minutos | Con invitación

**Organiza: Orfeón de Arteixo.**

Logo do éxito de *Gadalka*, Dani García continúa a súa investigación sobre as instalacións máxicas creando 4 novos espazos. Catro cabinas con interacción, participación e xogos máxicos. Un confesionario, unha cabina de teléfonos, un fotomatón e a cabina de *Gadalka*. Todas cheas de maxia e humor.

Na xira *“NA MIÑA PEL”*, Lucía preséntase cunha proposta en galego innovadora que se exporá a través das súas novas cancións que formarán parte do seu novo traballo, así como na propia posta en escena.

Haberá cancións que forman parte da súa discografía, éxitos dos seus anteriores traballos, combinados con temas populares do folclore galego.

Un concerto no que Lucía estará acompañada no escenario pola Banda de Música Santiago de Arteixo. Un concerto ameno, participativo no que o público desfrutará de forma cercana e directa.

Esta actividade está dirixida a persoas con interese audiovisual e cuxa finalidade sexa a realización dunha curtametraxe.

Eduardo e o seu cuñado Sabonis necesitan diñeiro para o seu negocio. Moito diñeiro. Será Sabonis quen atope a solución ao problema secuestrando a Modesto, cuñado de Alicia Zamora, a empresaria que lles enganou e deixou tirados.

Só hai un pequeno problema: Alicia non pensa pagar nin un euro polo seu cuñado.

Antoine e Olga son unha parella francesa que se instalou hai tempo nunha aldea do interior de Galicia. Alí levan unha vida tranquila, aínda que a súa convivencia cos aldeáns non é tan idílica como desexarían. Un conflito cos seus veciños, os irmáns Anta, fará que a tensión creza na aldea ata alcanzar un punto de non retorno.

**Dirección:** Rodrigo Sorogoyen.  
**Reparto:** Marina Fois, Denis Ménochet, Luis Zahera, Diego Anido, Marie Colomb, Luisa Merelas, José Manuel Fernández y Blanco, Xavier Estévez, Gonzalo García, Federico Pérez, Javier Varela, Pepo Suevos, Machi Salgado e Emile Duthu.

**9 Premios Goya incluídos Mellor película, Dirección, Guión e Actor.**

